

Circular nº 27: Fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar

(Orde do 25 de abril de 2016/ DOGA 16 de maio de 2016)

Entrega antes do **23 de xuño**, no centro admitido para o curso escolar 2016/17.

Único **modelo de solicitude** para a unidade familiar. Pódese recoller no centro ou na web do centro.

A solicitude deberá estar **asinada** e con todos os datos ben cubertos.

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO. 3º, 4º, 5º e 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A asignación dos libros de texto efectuarase:

1. Por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgote as existencias.
2. Esgotados os libros dispoñibles, o centro adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir:
 - 6 LIBROS: ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400€.
 - 6 LIBROS: ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia.
 - 4 LIBROS: ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 5400€ e igual ou inferior a 9000€.

AXUDA PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO. 1º e 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A contía da axuda para adquirir libros de texto será a seguinte:

- Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400€: 170€
- Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 5400€ e igual ou inferior a 9000€: 90€.

AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR.

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en Educación Primaria con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400€ será de 50€.

A RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR do **exercicio fiscal 2014**: Computarán por 2 os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Sumaranse: a base imponible xeral (recadro 430)+ a base imponible de aforro (recadro 445)

Dividida entre o número de membros da unidade familiar.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. **Devolver** os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2015/2016. O prazo máximo para devolvelos **será o 23 de xuño de 2016**.

Está excluído desta obriga o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria.

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2016/2017.

2. **Conservar** en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario e devolvelos ao rematar o curso.

3. **Destinar** o importe do **vale para libros** a adquirir libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.

4. **Destinar** o importe do **vale para material** a adquirir o material escolar que necesite.

DOCUMENTACIÓN (orixinais e copias)

Os documentos deberán reflectir a situación persoal, familiar e económica en 31 de decembro de 2014.

- Libro de familia onde figuren todos os membros computables.

- Certificado de discapacidade (se non foi emitido pola Xunta de Galicia).

- Violencia de xénero: Acreditarase en calquera das formas da Lei 11/2007, do 27 de xullo.

- As solicitudes do alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia irán acompañadas unicamente da documentación acreditativa da identidade da persoa solicitante, cando non autorice a consulta telemática, e da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores.

- Incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Acreditarase coa correspondente resolución xudicial

DOCUMENTACIÓN NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA TELEMÁTICA (orixinais e copias)

- Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar.

- Certificado acreditativo do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

- Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social de recoñecemento dunha pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez.

- Recoñecemento dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

- Renda familiar ou, na falta desta, certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante correspondente ao exercicio 2014.

A documentación será entregada na Secretaría do centro, no seguinte **horario**:

Luns a Venres: 9:15-10:05 e 13:25-14:15

